

TROCO X TROCO

Intercambio teatral Portugal-Galicia

CONTIDO

1. O proxecto.....	3
2. Teatros e compañías participantes.....	4
3. Espectáculos.....	5
3.1. Teatro galego en Portugal.....	5
3.3. Teatro portugués en Galicia.....	9
4. Calendario.....	13

1. O PROXECTO

Troco x Troco é un novo circuito de difusión teatral a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e do Centro Dramático Galego (CDG), colabora coa Cena Lusófona – Associação Portuguesa para o Intercâmbio Teatral na posta en marcha desta iniciativa. A prioridade é recuperar e normalizar as relacións entre as escenas galega e portuguesa, de xeito que o diálogo teatral traspase o ámbito exclusivamente profesional e implique tamén os espectadores de ambos países.

Con este obxectivo en mente, o proxecto comezou a deseñarse a principios deste ano e, xa desde a súa orixe, contou cunha participación moi activa dos oito espazos –de xestión autonómica, provincial ou municipal– nos que se desenvolverá a programación desta primeira edición de Troco x Troco: Pazo da Cultura de Narón (Padroado da Cultura do Concello), Salón Teatro de Santiago de Compostela (Xunta de Galicia), Teatro Municipal Área Panorámica de Tui (Concello) e Teatro Principal de Ourense (Deputación Provincial), da banda galega; e Theatro Circo de Braga, Teatro da Cerca de São Bernardo en Coimbra, Teatro Garcia de Resende de Évora e Teatro do Campo Alegre do Porto, da banda portuguesa e todos eles de propiedade municipal.

Aténdese así ao principio de coordinación entre entidades públicas cara á racionalización da xestión administrativa, que deriva aquí en sinerxías de traballo enriquecedoras para ambas partes e, en especial, para os concellos, as compañías e o público en xeral.

Os últimos espectáculos das compañías galegas Teatro do Morcego, Sarabela Teatro, Teatro do Noroeste en coprodución co CDG e Teatro do Atlántico chegarán aos espectadores do país veciño entre os meses de outubro e novembro nos catro destinos portugueses xa citados. Pola súa banda, os teatros galegos acollerán as propostas escénicas da Escola da Noite de Coimbra, Centro Dramático de Évora (Cendrev), Companhia de Teatro de Braga (CTB) e Seiva Trupe do Porto, todas elas compañías residentes dos espazos que conforman a parte portuguesa do circuito. Neste caso, a carteleira desenvolverase en dúas quendas e estenderase ata o ano que vén, de xeito que a CTB e Seiva Trupe actuarán en Galicia no último trimestre de 2013, mentres que o Cendrev e a Escola da Noite farano durante o primeiro semestre de 2014.

Troco x Troco nace con vocación de continuidade e de consolidación nas sucesivas temporadas a modo de ciclo cultural de Galicia en Portugal, e viceversa, a través de diferentes propostas multidisciplinares que complementarán a exhibición dos espectáculos.

2. TEATROS E COMPAÑÍAS PARTICIPANTES

GALICIA

TEATROS

Pazo da Cultura – Narón

Teatro Principal – Ourense

Salón Teatro – Santiago de Compostela

Teatro Municipal Área Panorámica de Tui
Eurocidade Tui-Valença do Minho

PORTUGAL

COMPAÑÍAS

A Escola da Noite – Coimbra

Centro Dramático de Évora

Companhia de Teatro de Braga

Seiva Trupe – Porto

COMPAÑÍAS

Sarabela Teatro

Teatro do Atlántico

Teatro do Morcego

Teatro do Noroeste –
Centro Dramático Galego

TEATROS

Theatro Circo – Braga

Teatro da Cerca de São Bernardo
Coimbra

Teatro Garcia de Resende – Évora

Teatro do Campo Alegre – Porto

3. ESPECTÁCULOS

3.1. Teatro galego en Portugal

Rosalía.


Os cantares das musas

Sarabela Teatro

Autoría: Ánxeles Cuña, a partir das obras de Rosalía de Castro *Cantares gallegos* e *El caballero de las botas azules*

Dirección: Ánxeles Cuña

Elenco: Nate Borrajo
Fernando Dacosta
Sabela Gago
Elena Seijo



O espectáculo

Sarabela Teatro e a Secretaría Xeral de Cultura colaboran para difundir a obra rosaliana a través desta montaxe, que a compañía ourensá pon en escena no ano en que se conmemora o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

O espectáculo artículase arredor da historia dun home con afán de fama e recoñecemento póstumo que invoca as musas para que lle inspiren unha nova fórmula poética. No seu lugar acode a Novidade, quen o tomará como o seu protexido e o converterá no Señor da Gloria, un insólito ser que escandalizará e atraerá a curiosidade de todos. A súa misión será a de deixar en evidencia, mediante a ironía e a burla, unha sociedade dominada pola vaidade e a hipocrisía.

A compañía

Sarabela Teatro é unha das compañías máis consolidadas do panorama escénico galego, cunha traxectoria de tres décadas sobre as táboas durante as que o compromiso coa realidade tense convertido nun sinal característico dos seus espectáculos. Ionesco, Kundera, Mishima, Belbel, Manuel Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor, entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nesta travesía prolífica en premios, que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como *Tics*, *Margar no pazo do tempo* ou *Dáme veneno*.

www.sarablateatro.com

A charca inútil Teatro do Atlántico

Autoría: David Desola
 Dirección: Xúlio Lago
 Elenco: Gonzalo M. Uriarte
 Marcos Vieitez
 María Barcala



O espectáculo

Asegura o autor, facendo uso do sentido do humor, que nos atopamos diante dun "drama ao cadrado", curiosa definición que podería levar a imaxinar un "culebrón", un "melodramón", un espectáculo "tremendo". Todo o contrario. Atopámonos diante dunha proposta moi especial: fermosa, chea de tenrura e humor, ao tempo que dura e profunda; unha escrita plena de sensibilidade que leva o espectador a transitar camiños absolutamente imprevisibles. Desola asina un texto de moi alta calidade dentro dunha orixinal estrutura dramática e, xunto con iso, sitúa o espectador nunha inquietante e conmovedora paisaxe humana. Personaxes adultos, fráxiles cal cativos, golpeados polas circunstancias que a vida lles impuxo, andan á procura dun burato que lles permita crer que existe a luz ao remate do túnel.

A dureza da perda é abordada polos personaxes de Desola desde a creación de mundos paralelos, nunha fuxida cara a adiante á procura desesperada dun espazo de felicidade que lles permita seguir avanzando, que lles permita intuír un novo horizonte para as súas castigadas realidades. Tal vez un espellismo? Se cadra. Ou non. Paga a pena intentalo.

A compañía

María Barcala e Xúlio Lago fundan en 1985 Teatro do Atlántico, compañía que ata o momento ten realizadas 28 producións, con títulos como *Casa de bonecas*, de Ibsen; *A noite das Tríades*, de Olov Enquist; *Amor de don Perlimplin con Belisa no xardín*, de García Lorca; *O cerco de Leningrado*, de Sanchis Sinisterra; *O encoro*, de Conor McPherson; *A raíña da beleza de Leenane*, de Martín McDonagh ; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure, ou *Memoria de Helena e María*, de Roberto Salgueiro, entre outras.

Os seus espectáculos, presentados sempre en lingua galega, exhibense tanto dentro como fóra de Galicia e con eles teñen participado en numerosos festivais en España, Portugal e Arxentina.


www.teatroatlantico.com

A función do tequila **Teatro do Morcego**

Autoría: Manuel Guede Oliva
Dirección: Antonio Simón
Elenco: Manuel Manquiña
Santiago Fernández
Luísa Merelas
Elina Luaces

O espectáculo

Teatro do Morcego leva a escena, en colaboración co Theatro Circo de Braga, o texto polo que Manuel Guede Oliva foi recoñecido en 2011 co Premio de Teatro Rafael Dieste, convocado pola Deputación Provincial da Coruña. Baseada nun feito real, a obra conta a historia de María Docampo, que no ano 1938 era a secretaria de Castelao en Nova York cando este se atopaba recadando apoios para a causa republicana. Porén, Docampo resultará ser unha axente do servizo de intelixencia estadounidense que ten como misión espiar o intelectual galeguista.



A compañía

Compañía residente do Concello de Narón desde 2009, Teatro do Morcego iniciou a súa traxectoria no ano 1989 da man do actor e director Celso Parada e de Isabel Ávila. Mantén a súa actividade ininterrompida desde entón e recibiu premios como os Compostela, por *Misterio cómico* e *Doberman*, ou o María Casares por *Lazariño de Tormes*. Ten levado ás táboas unha vintena de espectáculos para os que contou con algúns dos nomes máis recoñecidos da escena galega.

www.teatrodormorcego.com

Touporroutou da lúa e do sol
Teatro do Noroeste
 en coprodución co
Centro Dramático Galego

Autoría: Roberto Vidal Bolaño
 Dirección: Eduardo Alonso
 Elenco: Victoria Pérez
 Alejandro Carro
 Fernando González
 Laura Míguez



O espectáculo

Teatro do Noroeste coproduce co Centro Dramático Galego, e en colaboración coa Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia, esta nova versión do texto que moitos especialistas na obra de Vidal Bolaño consideran como o de máis alta calidade escénica de todos os que escribiu para o público infantil. O espectáculo, que se estrea o 4 de outubro no Salón Teatro de Santiago, insírese na programación especial que a Consellería de Cultura e Educación dedica este ano ao autor homenaxeado no Día das Letras, contribuíndo deste xeito á promoción e difusión da súa figura e da súa obra entre os espectadores máis novos.

Touporroutou da lúa e do sol preséntase como unha “farsada choqueira para actores e bonecos, ou viceversa” na que catro titiriteiros axúdanse dos máis diversos elementos para contar historias sobre a orixe destes astros, dos días e das noites, do diluvio universal e sobre como acertar cos tesouros e tratar os mouros, as fadas e, sobre todo, as serpes e os xigantes que os gardan.

A compañía

Eduardo Alonso e Luma Gómez fundan no ano 1987 esta compañía, coa que teñen producido e distribuído un total de 32 espectáculos. Destacan neste amplo repertorio obras clásicas como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de Shakespeare, ou *As vodas de Fígaro*, de Caron de Beaumarchais, así como textos contemporáneos como *Os xustos*, de Albert Camús, e de autores galegos como *Historias peregrinas* ou *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado; *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, ou o musical *Imperial: Café cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, entre outros moitos títulos.

www.teatrodonoeste.com

3.2. Teatro portugués en Galicia

Concerto "á la carte" Companhia de Teatro de Braga

Autoría: Franz Xaver Kroetz
Dirección: Rui Madeira
Intérprete: Ana Bustorff



O espectáculo

Co gallo da conmemoración do seu espectáculo número cen, a Companhia de Teatro de Braga (CTB) levou a cabo a produción deste espectáculo a partir dun texto do

realismo alemán, escrito polo dramaturgo Franz Xaver Kroetz en 1971, que versa sobre a soidade dunha muller entregada á depresión e á obsesión polas cousas ordenadas.

Trátase dunha comedia social ao revés, que expón un ollar frío, concreto e real da vida vivida por moitas mulleres. A vida na máis crúa das rutinas. E no máis pesado dos silencios.

Así, construído en partituras de silencios, este monólogo sen palabras é un espectáculo sobre a existencia, onde durante hora e media a actriz Ana Bustorff dá vida á señora Rasch, unha muller solteira igual que tantas que habitan no apartamento do lado, que se cruzan connosco no supermercado, a quen ollamos sen ver e que morren sen sabermos da súa existencia.

Sabe Deus pintar o Diabo Companhia de Teatro de Braga

Autoría: Abel Neves
(texto inédito, escrito para a CTB)
Dirección: Rui Madeira
Elenco: Rogério Boane
Carlos Feio
Emílio Lucombo

O espectáculo

"Andan por aí, próximos a toda a xente. Viñeron de preto, mais non sabemos de onde. Os seus nomes son revelados: Feliciano e Raimundo. Abrigados no último andar dun vello predio, escolleron ser autores dunha especie de fin do mundo. Cómplices dunha acción degradante, con motivos que fan pensar sobre o lodo no que a humanidade afunde repetidamente, estes amigos circunstanciais creñen portadores dunha razón capaz de conmocionar o mundo e, lonxe de aflixirse coa opción que elixen, só deixan ver o seu nerviosismo a través dun humor inquietante. Atoparanse, e sabemos que se entenderán para levar acabo un xogo de exterminio. Aínda coñecendo polo miúdo as súas biografías, non servirían para explicar o que son capaces de facer. E o que eles fan nunca debería facerse".

Abel Neves

A compañía

A Companhia de Teatro de Braga é unha estrutura profesional de produción teatral con sede no Teatro Circo, un dos grandes teatros de Portugal, inaugurado en 1915. Aínda que fundada en Porto en 1980 baixo a denominación de CENA, establécese en Braga catro anos máis tarde no ámbito dun protocolo establecido co Concello deste municipio portugués.

O seu proxecto de creación, que xa superou o centenar de espectáculos producidos, oscila entre o texto clásico e o contemporáneo, ao tempo que afonda na experimentación arredor das prácticas teatrais.

A compañía está financiada polo Ministerio de Cultura portugués xunto ao Concello de Braga.

www.ctb.pt

Adivinhe quem vem para rezar **Seiva Trupe**

Autoría: Dib Carneiro Neto
 Dirección: Júlio Cardoso
 Elenco: António Reis
 Jorge Loureiro



O espectáculo

Adivinhe quem vem para rezar, do

autor brasileiro Dib Carneiro Neto, trata de personaxes masculinos conversando sobre o amor, algo do que non falaron durante os seus anos de convivencia ou de coexistencia. En foco, o universo masculino e as mulleres das súas vidas.

O silencio dun cativo constringido polos xogos de sedución. Todos os riscos, os deliciosos riscos da sedución. "Medo, frío na barriga. O mel escorrendo". "Aprender a seducir..." "Mais eu non quero ser un inconsciente".

A compañía

Seiva Trupe celebra este ano 2013 o 40 aniversario da súa constitución na cidade do Porto, da man dun grupo de mozos entre os que se atopaban António Reis, Estrela Novais e Júlio Cardoso. Neste longo percorrido, durante o que a compañía foi recoñecida no seu país como Entidade de Utilidade Pública, ten levado a escena máis de 120 espectáculos, ademais de promover cursos de iniciación á práctica teatral, obradoiros e certames de creación dramática, entre outras accións.

Convoca de xeito bienal o Prémio Seiva para recoñecer personalidades que se distinguan e dean prestixio ao Porto nas áreas de Artes, Ciencias e Letras.

www.seivatrupe.pt

A Escola da Noite

[Espectáculo por confirmar]

A compañía

A Escola da Noite – Grupo de Teatro de Coimbra é unha asociación cultural recoñecida como institución portuguesa de utilidade pública en 1998. É membro fundador do Consello da Cidade de Coimbra e integra o seu Grupo da Cultura.

Como compañía de teatro, A Escola da Noite mantén un proxecto de creación artística e de teatro profesional, con preto dunha vintena de persoas implicadas en cada produción. O seu labor de servizo cultural público para a súa cidade é recoñecido co apoio tanto do Estado portugués como da Cámara Municipal de Coimbra.

Participará no programa Troco x Troco durante o primeiro semestre de 2014 cunha das propostas que levará a escena durante a vindeira temporada teatral.

www.aescoladanoite.pt

Centro Dramático de Évora

[Espectáculo por confirmar]

A compañía

Máis que unha unidade de produción, o Centro Dramático de Évora (Cendrev) é unha estrutura de acción teatral que aglutina diferentes liñas de actividade arredor do feito escénico. Leva máis de 38 anos traballando na creación e difusión de espectáculos, na formación teatral e na xestión do centenario Teatro Municipal Garcia de Resende.

Entre as iniciativas postas en marcha polo Cendrev, destaca a recuperación dos Bonecos de Santo Aleixo, marionetas tradicionais do Alentejo coas que realizou centenaes de representacións dentro e fóra de Portugal. Desde 1987 organiza, ademais, a Bienal Internacional de Marionetas de Évora.

Participará no programa Troco x Troco durante o primeiro semestre de 2014 cun dos espectáculos da súa próxima temporada de produción.

www.cendrev.com

4. CALENDARIO

GALICIA

NARÓN | PAZO DA CULTURA

Companhia de Teatro de Braga

5 de outubro de 2013

Seiva Trupe

9 de novembro de 2013

A Escola da Noite

1º semestre de 2014

Centro Dramático de Évora

1º semestre de 2014

PORTUGAL

BRAGA | THEATRO CIRCO

Sarabela Teatro

23 de outubro de 2013

Teatro do Noroeste-CDG

24 de outubro de 2013

Teatro do Atlântico

25 de outubro de 2013

Teatro do Morcego

26 de outubro de 2013

OURENSE | TEATRO PRINCIPAL

Companhia de Teatro de Braga

27 de outubro de 2013

Seiva Trupe

24 de novembro de 2013

A Escola da Noite

1º semestre de 2014

Centro Dramático de Évora

1º semestre de 2014

COIMBRA | TEATRO DA CERCA DE SÃO BERNARDO

Sarabela Teatro

30 de outubro de 2013

Teatro do Noroeste-CDG

31 de outubro de 2013

Teatro do Atlântico

1 de novembro de 2013

Teatro do Morcego

2 de novembro de 2013

GALICIA

SANTIAGO | SALÓN TEATRO

Companhia de Teatro de Braga

31 de outubro de 2013

Seiva Trupe

7 de novembro de 2013

A Escola da Noite

1º semestre de 2014

Centro Dramático de Évora

1º semestre de 2014

PORTUGAL

**ÉVORA | TEATRO GARCIA
DE RESENDE**

Teatro do Atlântico

23 de outubro de 2013

Teatro do Morcego

24 de outubro de 2013

Sarabela Teatro

25 de outubro de 2013

Teatro do Noroeste-CDG

26 de outubro de 2013

**TUI | TEATRO MUNICIPAL
ÁRE PANORÁMICA**

Companhia de Teatro de Braga

24 de outubro de 2013

Seiva Trupe

22 de novembro de 2013

A Escola da Noite

1º semestre de 2014

Centro Dramático de Évora

1º semestre de 2014

**PORTO | TEATRO DO
CAMPO ALEGRE**

Teatro do Atlântico

30 de outubro de 2013

Teatro do Morcego

31 de outubro de 2013

Sarabela Teatro

1 de novembro de 2013

Teatro do Noroeste-CDG

2 de novembro de 2013

